




**ACSUC**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

## AVANCE DE RESULTADOS

**EIL1112:** *“Estudo da  
inserción laboral dos  
titulados no Sistema  
Universitario de Galicia  
2011-2012”*

**INSERCIÓN LABORAL**



**Edita:**

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n  
 CIFP Compostela 5º andar  
 15702 Santiago de Compostela  
 Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174  
 Correo-e: [insercion.laboral@acsug.es](mailto:insercion.laboral@acsug.es); [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)  
 Páxina web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

**ÍNDICE**

<b>1. Introducción</b> .....	4
<b>2. Datos técnicos do estudo</b> .....	4
<b>3. Avance de resultados EIL1112</b> .....	5
<b>3.1. Bloque 1. Datos persoais e académicos</b> .....	5
3.1.1. Formación universitaria .....	5
3.1.2. Prácticas e traballos durante a titulación.....	6
3.1.3. Mobilidade .....	7
3.1.4. Coñecemento de idiomas .....	8
<b>3.2. Bloque 2. Busca de emprego</b> .....	8
3.2.1. Acceso ao emprego .....	8
3.2.2. Vías de busca de emprego .....	10
<b>3.3. Bloque 3. Situación actual</b> .....	10
3.3.1. Actividade dos titulados.....	10
<b>3.4. Bloque 4. Emprego actual</b> .....	13
3.4.1. Lugar de traballo e antigüidade no posto .....	13
3.4.2. Modalidade de contratación e tipo de xornada.....	13
3.4.3. Salario.....	14
3.4.4. Funcións desenvolvidas e nivel de satisfacción .....	14
3.4.5. Competencias.....	15
<b>3.5. Bloque 5. Satisfacción co itinerario académico</b> .....	15
3.5.1. Valoración final da traxectoria universitaria.....	15
<b>4. Perfil dun titulado do SUG no curso académico 2011-2012</b> .....	16
<b>ANEXOS</b> .....	16
<u>Anexo I. Grupo de traballo</u> .....	16
<u>Anexo II. Cuestionario</u> .....	18
<u>Anexo III. Distribución das titulacións por ramas de coñecemento</u> .....	27
<u>Anexo IV. Estudos da ACSUG</u> .....	29
Índice de táboas e figuras .....	31

## 1. Introdución

Complementando a serie temporal de estudos de inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia, a ACSUG presenta un **avance de resultados** do “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012 (EIL1112)”, onde se recollen os resultados acadados na décima enquisa realizada aos titulados universitarios no SUG en decembro de 2014. A mostra enquisada neste último estudo representa arredor dun 57,82% da poboación total, 4.687 titulados en estudos de 1º e 2º ciclo (diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías, arquitectura, enxeñarías técnicas e arquitectura técnica) e, graduados.

Os obxectivos principais deste estudo coinciden cos dos anteriores estudos realizados pola ACSUG sobre a mesma temática, que se estruturan en dous temas principais: a obtención de información sobre a percepción dos titulados sobre a súa formación e a súa universidade e a obtención de información sobre a busca de emprego e a súa situación laboral actual.

## 2. Datos técnicos do estudo

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados do SUG durante o curso académico 2011-2012 (titulados que estiveron matriculados no curso académico 2011-2012 e fixeron o depósito do título ao longo do ano 2012), polo que, ao igual ca nos anteriores estudos, son titulados recentes que remataron a titulación aproximadamente dous anos antes de realizar a enquisa.

A Táboa 1 recolle o tamaño da poboación e a mostra empregada para a realización do estudo desagregada por cada unha das universidades do SUG.

Universidade	Poboación 2011-2012	Mostra 2011-2012	% Resposta
A Coruña	2.537	1.460	57,55%
Santiago de Compostela	3.541	1.889	53,35%
Vigo	2.028	1.338	65,98%
<b>SUG</b>	<b>8.106</b>	<b>4.687</b>	<b>57,82%</b>

**Táboa 1.** Titulados no SUG no curso académico 2011-2012. Tamaño de poboación e mostra por universidade.

No deseño da mostra, fixouse un erro máximo admisible do 10%, cun nivel de confianza do 95%, á hora de seleccionar a mostra de cada titulación e campus.

As titulacións e graos correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento (Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II)) neste estudo pódense consultar no Anexo III deste documento.

O cuestionario empregado no presente estudo foi similar ao empregado en estudos anteriores (ver Anexo II) e as enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica asistida por ordenador dende o 3 de decembro ata o 12 de decembro de 2014.


### 3. Avance de resultados EIL1112

#### 3.1. Bloque 1. Datos persoais e académicos

Neste bloque os titulados universitarios do SUG realizan unha valoración sobre a formación académica e a obtención de bolsas de estudo, a realización de prácticas e o traballo durante os estudos, a participación en programas de mobilidade e o coñecemento de idiomas.

##### 3.1.1. Formación universitaria

**Titulación cursada como primeira opción:** para o 73,34% dos titulados durante o curso 2011-2012 a titulación obtida fora a súa primeira opción. Esta porcentaxe é similar á dos tres últimos estudos realizados.



**Figura 1.** Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
<b>Si era a súa primeira opción</b>	73,68%	74,58%	77,21%	73,21%	73,12%	73,90%	73,34%
<b>Non era a súa primeira opción</b>	26,32%	25,42%	22,79%	26,79%	26,88%	26,10%	26,66%

**Táboa 2.** Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

**Bolsas de estudos:** o 54,38% dos titulados gozou dalgunha bolsa durante os seus estudos. Máis da metade dos titulados que obtiveron unha bolsa de estudos mantivérona durante tres ou máis cursos académicos.

O 97,38% dos titulados conseguiu unha bolsa de estudos dunha institución pública española. As bolsas doutro tipo de institucións españolas e as de institucións estranxeiras son opcións minoritarias: só o 3,77% e o 1,95% dos enquisados, respectivamente, gozaron delas.




Figura 2. Periodo de tempo (cursos académicos) que os titulados gozaron dalguna bolsa durante os seus estudos.

**Outras titulacións universitarias rematadas:** o 45,25% dos titulados durante o curso 2011-2012 ten outra titulación universitaria rematada, a maiores da titulación pola que foi enquisado. Dos titulados que conseguiron outro título universitario, o 64,20% ten un mestrado.




Figura 3. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG.

### 3.1.2. Prácticas e traballos durante a titulación

**Prácticas en empresas/institucións:** case a metade dos titulados realizou prácticas en empresas/institucións durante os seus estudos.




Figura 4. Realización de prácticas en empresas. Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados que realizan prácticas durante a titulación vén diminuindo desde o 77,75% do EIL0809 ata o 48,22% do presente estudo.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si realizou prácticas	65,78%	62,09%	69,05%	77,75%	75,68%	69,34%	48,22%
Non realizou prácticas	34,22%	37,91%	30,95%	22,25%	24,32%	30,66%	51,78%

Táboa 3. Realización de prácticas en empresas. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

**Traballos durante a titulación:** un 39,03% dos enquisados compaxinou os estudos cun traballo. Na maioría dos casos o traballo foi a tempo parcial (64,22%) e non estaba relacionado coa titulación (61,37%).




Figura 5. Titulados que compaxinaron estudo e traballos durante a titulación. Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados que estudan a tempo completo véñe mantendo ao redor do 60% durante os últimos estudos.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si traballou	36,08%	37,54%	39,91%	42,34%	37,93%	40,69%	39,03%
Non traballou	63,92%	62,46%	60,09%	57,66%	62,07%	59,31%	60,97%

Táboa 4. Titulados que compaxinaron estudo e traballos durante a titulación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

### 3.1.3. Mobilidade

**Participación en programas de mobilidade:** o 19,28% de titulados participou nalgún programa de mobilidade durante a súa estada na universidade. No 80,05% dos casos, o destino foi unha universidade do resto da Unión Europea. O 69,15% de titulados participou no programa Erasmus.




Figura 6. Titulados que participaron nalgún programa de mobilidade. Resultados para o total do SUG.




Figura 7. Programas de mobilidade. Resultados para o total do SUG.

### 3.1.4. Coñecemento de idiomas

**Linguas:** o 91,36% dos titulados durante o curso 2011-2012 coñece e é quen de usar algún idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán). Deles, o 61,79% coñece unicamente un idioma adicional.




Figura 8. Idiomas. Resultados para o total do SUG.

O idioma que os titulados dixeron coñecer mellor é o inglés (86,09%), seguido do francés (4,91%) e o portugués (4,16%). Para describir o seu coñecemento dese idioma, a maioría de enquisados (57,48%) definiuse como usuario independente (niveis B1 e B2).

## 3.2. Bloque 2. Busca de emprego

Neste bloque os titulados universitarios do SUG que buscaron traballo nalgún momento responden sobre a busca de emprego: valoración de vías e factores importantes para atopar emprego.

### 3.2.1. Acceso ao emprego

**Busca de emprego:** O 81,00% dos titulados buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos, e o 56,38% deles atopouno.






Figura 9. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados para o total do SUG.

Con respecto ao estudo anterior, aumentou a porcentaxe de titulados que non buscou emprego, e decreceu a daqueles que o buscaron pero non o atoparon.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si buscou e atopouno	45,49%	52,01%	51,13%	47,56%	47,25%	44,49%	45,97%
Si buscou, pero non o atopou	23,02%	26,72%	31,08%	34,33%	38,43%	39,05%	35,03%
Non buscou	31,49%	21,27%	17,79%	18,12%	14,32%	16,46%	19,00%

Táboa 5. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

**Tempo en atopar o primeiro emprego:** un titulado tarda unha media de 9,79 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.




Figura 10. Tempo que tardaron en atopar emprego. Resultados para o total do SUG.

Aumenta máis de vinte puntos a porcentaxe de titulados que tardan doce meses ou máis.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Menos de 1 mes	1,68%	26,56%	23,15%	19,44%	21,89%	23,13%	14,72%
Entre 1 e 3 meses	54,67%	34,81%	34,12%	30,54%	22,12%	19,42%	10,81%
Entre 3 e 6 meses	15,90%	16,19%	15,60%	14,87%	14,89%	13,04%	13,30%
Entre 6 e 12 meses	17,50%	14,50%	18,10%	20,99%	21,56%	20,53%	16,31%
12 meses ou máis	10,24%	7,94%	9,03%	14,15%	19,53%	23,87%	44,85%
Tempo medio (meses)	5,53	4,79	5,32	6,68	8,06	8,48	9,79 <sup>1</sup>

Táboa 6. Tempo que tardaron en atopar emprego. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

<sup>1</sup> Media calculada descartando as respostas maiores ou iguais a 36 meses en EIL1112.

### 3.2.2. Vías de busca de emprego

**Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego:** os titulados durante o curso 2011-2012 buscaron emprego a través de Internet (4,06), presentando de forma espontánea a súa candidatura (3,81) ou a través de familiares ou amizades (3,16). Máis da metade dos titulados (50,97%) atopan o seu primeiro emprego por algunha destas tres vías, que xa eran as máis empregadas e efectivas nos estudos previos.




Figura 11. Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego. Resultados para o total do SUG.

### 3.3. Bloque 3. Situación actual

Neste bloque os titulados universitarios do SUG realizan unha valoración sobre a súa actividade actual: traballan, estudan e/ou preparan oposicións.

#### 3.3.1. Actividade dos titulados

**Cursa estudos universitarios:** o 23,38% dos titulados durante o curso 2011-2012 (25,33% para os homes; 22,50% para as mulleres) continuaba estudando no momento da realización da enquisa. Esta porcentaxe é lixeiramente inferior á obtida no estudo anterior (24,11%).




Figura 12. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si estuda	32,24%	33,73%	28,34%	20,33%	22,11%	24,11%	23,38%
Non estuda	67,76%	66,27%	71,66%	79,67%	77,89%	75,89%	76,62%

Táboa 7. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

O 47,50% dos titulados que estaban cursando estudos universitarios no momento da realización da enquisa estudaba un mestrado, e o 28,31% estudaba un grao.

Este tipo de estudos obtiveron tamén as porcentaxes máis elevadas no estudo previo: 48,18% os mestrados e 24,55% os graos.




Figura 13. Tipo de estudos en que continúa. Resultados para o total do SUG.

Do total de titulados en 2011-2012, seguen estudos de mestrado (11,11%), grao (6,62%), doutoramento (4,62%), licenciatura/enxeñaría/arquitectura (1,47%) e diplomatura/enxeñaría técnica/arquitectura técnica (0,14%).

**Prepara oposicións:** o 19,59% dos titulados durante o curso 2011-2012 (15,57% para os homes; 21,03% para as mulleres) preparaba oposicións no momento da realización da enquisa.

A porcentaxe de titulados preparando oposicións aumentou en máis de cinco puntos con respecto ao estudo previo (14,11%).





Figura 14. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si prepara oposicións	25,82%	29,50%	26,02%	24,72%	13,36%	14,11%	19,59%
Non prepara oposicións	74,18%	70,50%	73,98%	75,28%	86,64%	85,89%	80,41%

Táboa 8. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

**Traballa:** o 67,53% dos titulados durante o curso 2011-2012 (68,94% para os homes; 66,72% para as mulleres) traballaba no momento da realización da enquisa.

Isto representa un incremento de algo máis de catro puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (63,33%).




**Figura 15.** Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
<b>Si traballa</b>	71,07%	66,11%	61,93%	59,29%	58,32%	63,33%	67,53%
<b>Non traballa</b>	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%	36,67%	32,47%

**Táboa 9.** Porcentaxe de titulados que traballa (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

**Estuda, prepara oposicións e/ou traballa:** o 13,53% dos titulados durante o curso 2011-2012 non estaba nin cursando estudos universitarios adicionais, nin preparando oposicións nin traballando no momento de realizar a enquisa.

Esta porcentaxe vén diminuíndo nos últimos estudos de inserción laboral realizados: 22,54% no EIL0910 e 18,33% no EIL1011.



**Figura 16.** Porcentaxe de titulados que preparan oposicións, estudan e/ou traballan (no momento de realizar a enquisa), considerando todas as posibles combinacións de actividades. Resultados para o total do SUG.

**Non traballa, pero traballou:** O 61,54% dos titulados que non traballaban no momento de realizar a enquisa, si que traballaron nalgún momento desde que remataron a titulación. De media, finalizaron ese traballo hai 7,23 meses<sup>2</sup>.

O 75,28% alega como motivo da finalización do traballo a fin do contrato, o 17,55% unha baixa voluntaria, e o 7,16% restante outros motivos.

<sup>2</sup> Media calculada descartando as respostas maiores ou iguais a 36 meses en EIL1112.

### 3.4. Bloque 4. Empleo actual

A este bloque responden os titulados universitarios do SUG que traballan ou traballaron (despois da titulación). Neste bloque realizan valoracións sobre as características do traballo actual ou do último emprego (despois da titulación).

#### 3.4.1. Lugar de traballo e antigüidade no posto

**Lugar de traballo:** a maioría dos titulados (82,08%) está a traballar en Galicia. En xeral, a distribución dos titulados segundo o lugar de traballo é similar á obtida no estudo anterior.




Figura 17. Lugar de traballo. Resultados para o total do SUG.

#### 3.4.2. Modalidade de contratación e tipo de xornada

**Tipo de contrato:** o 86,02% dos titulados que traballaban facíano por conta allea. Deles, o 1,33% traballaban sen contrato.




Figura 18. Modalidades de contratación para os titulados no SUG.

Os resultados por tipoloxía de contrato son similares aos obtidos no estudo anterior. Cómpre destacar que diminúe a porcentaxe de traballadores por conta allea sen contrato.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Conta propia	6,85%	8,75%	8,49%	11,13%	10,19%	12,22%	13,98%
Indefinido	37,10%	33,91%	32,62%	30,98%	32,75%	32,59%	33,94%
Eventual	36,45%	30,72%	38,45%	38,72%	39,08%	33,75%	35,23%
En prácticas	9,65%	8,91%	5,78%	9,41%	9,40%	11,72%	10,60%
Bolsa	2,22%	2,34%	4,79%	4,24%	3,54%	5,22%	5,10%
Sen contrato	2,54%	3,43%	2,29%	4,98%	4,52%	4,14%	1,15%

Táboa 10. Modalidades de contratación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

### 3.4.3. Salario

**Salario neto mensual:** O salario medio dun titulado durante o curso 2011-2012 é de 1.037,08 € ao mes. Máis da metade dos titulados (54,65%) teñen un salario mensual inferior a 1.000 €.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Sen salario	-	-	-	-	-	-	1,31%
Menos de 500 €	5,81%	5,62%	5,19%	8,26%	12,16%	11,62%	15,42%
Entre 500 € e 1 000 €	31,10%	31,87%	32,19%	34,13%	36,06%	38,91%	37,92%
Entre 1 000 € e 1 500 €	41,21%	40,63%	40,25%	38,67%	36,25%	32,57%	28,74%
Entre 1 500 € e 2 000 €	18,25%	17,73%	18,25%	14,68%	12,05%	12,76%	12,61%
2 000 € ou máis	3,64%	4,14%	4,12%	4,27%	3,49%	4,15%	4,00%
Salario medio deflactado <sup>3</sup>	1 266,40 €	1 270,97 €	1 258,99 €	1 158,76 €	1 059,04 €	1 057,11 €	1 037,08 €

Táboa 11. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario neto mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores.

### 3.4.4. Funcións desenvolvidas e nivel de satisfacción

**Funcións que desenvolve:** O 71,07% dos titulados que traballan están desenvolvendo funcións de nivel universitario no seu traballo. Deles, o 81,70% desenvolve funcións específicas da súa titulación.




Figura 19. Funcións desenvolvidas no posto de traballo polos titulados do SUG.

<sup>3</sup> Salario deflactado aplicando a variación do índice de prezos de consumo (IPC). Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).

### 3.4.5. Competencias

**Competencias requeridas no traballo actual:** as cinco competencias máis valoradas polos titulados durante o curso 2011-2012 son as mesmas que se obtiñan no estudo anterior cunha pequena variación de orde.

Competencia, coñecemento, actitude	Valoración media
Capacidade para a aprendizaxe	4,45
Capacidade para resolver problemas	4,44
Motivación	4,42
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,41
Adaptabilidade	4,36

Táboa 12. Competencias máis valoradas polos titulados no SUG.

### 3.5. Bloque 5. Satisfacción co itinerario académico

Neste bloque os titulados universitarios do SUG realizan unha valoración do seu nivel de satisfacción co seu itinerario académico.

#### 3.5.1. Valoración final da traxectoria universitaria

**Volvería cursar...:** o 88,83% dos titulados volvería cursar estudos universitarios. As porcentaxes de repetición do itinerario académico son similares as obtidas nos estudos anteriores.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
Si volvería cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%	86,96%	88,83%
Si volvería cursar a súa titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%	77,84%	78,32%
Si volvería cursar a súa titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%	86,23%	86,48%

Táboa 13. Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG.

O 60,16% do total de titulados volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade.




Figura 20. Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG.

#### 4. Perfil dun titulado do SUG no curso académico 2011-2012

Rematou a titulación que elixira como primeira opción (73,34%).

Gozou dalgunha bolsa de estudos (54,38%).

Coñece unicamente un idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (56,45%), sendo o inglés o idioma máis coñecido (86,09%).

Buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos (81,00%), e atopouno (56,38% dos que o buscaron).

Tardou unha media de 9,79 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.

Buscou emprego a través de Internet (4,06), presentando de forma espontánea a súa candidatura (3,81) ou a través de familiares ou amizades (3,16).

Traballaba no momento da realización da enquisa (67,53%), ou traballou con anterioridade (61,54% dos que non traballaban cando fixeron a enquisa), maioritariamente en Galicia (82,08%).

Ten un salario medio de 1 037,08 € ao mes.

Desenvolve funcións no seu traballo de nivel universitario (71,07%).

Se tivese que volver a comezar, volvería á universidade (88,83%).



## ANEXOS

### Anexo I. Grupo de traballo

#### **Grupo de Análise Estatística**

Pedro Faraldo Roca (director do grupo)

Rosa María Crujeiras Casais (coordinadora)

*Departamento de Estatística e Investigación Operativa*

*Universidade de Santiago de Compostela*

María José Lombardía Cortiña

Salvador Naya Fernández

*Departamento de Matemáticas*

*Universidade da Coruña*

José María Matías Fernández

*Departamento de Estatística e Investigación Operativa*

*Universidade de Vigo*

Adela Martínez Calvo

*Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial*

Verónica Carreira Figueiras

*ABANCA*

Belén María Fernández de Castro

*CESUGA*

*Universidad San Jorge*

#### **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia**

María Patrocinio Morrondo Pelayo

*Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG*

José Eduardo López Pereira

*Director da ACSUG*

María Carmen Fernández Montes

*Técnico de Programas da ACSUG*

*Coordinadora estudos de inserción laboral ACSUG*

## Anexo II. Cuestionario

### ESTRUTURA

---

O cuestionario está estruturado en cinco bloques:

- Bloque 1. **Datos persoais e académicos.** Neste bloque inclúense preguntas sobre a formación académica e a obtención de bolsas de estudo, a realización de prácticas e o traballo durante os estudos, a participación en programas de mobilidade e o coñecemento de idiomas.
- Bloque 2. **Busca de emprego.** Neste bloque os enquisados que buscaron traballo nalgún momento responden sobre a busca de emprego: valoración de vías e factores importantes para atopar emprego.
- Bloque 3. **Situación actual.** Pregúntase se os enquisados traballan, estudan ou opositan. Se traballan actualmente ou traballaron (despois da titulación), pasan ao bloque 4.
- Bloque 4. **Emprego actual ou último emprego** (despois da titulación). Neste bloque inclúense preguntas sobre as características do traballo actual ou do último emprego (despois da titulación).
- Bloque 5. **Satisfacción co itinerario académico.** Pregúntase aos enquisados polo seu nivel de satisfacción co seu itinerario académico.

---

### BLOQUE 1. DATOS PERSOAIS E ACADÉMICOS

---

#### Datos persoais

1. Ano de nacemento: \_\_\_\_\_
2. Sexo:
  - Home
  - Muller
3. Nivel de estudos nai:
  - Sen estudos
  - Primarios
  - Bacharelato/Formación Profesional
  - Universitarios medios
  - Universitarios superiores
  - Outras respostas (especificar)\_\_\_
4. Nivel de estudos pai:
  - Sen estudos
  - Primarios
  - Bacharelato/Formación Profesional
  - Universitarios medios
  - Universitarios superiores
  - Outras respostas (especificar)\_\_\_

#### Formación universitaria

5. Titulación: \_\_\_\_\_
6. Era esta titulación a súa primeira opción?

- Non  
 Si
7. Nota media aproximada do seu expediente:
- |   |       |        |
|---|-------|--------|
| <input type="checkbox"/> Aprobado           | [1,2) | [5,7)  |
| <input type="checkbox"/> Notable            | [2,3) | [7,9)  |
| <input type="checkbox"/> Sobresáinte        | [3,4) | [9,10) |
| <input type="checkbox"/> Matrícula de Honra | 4     | 10     |
8. Gozou dalgunha bolsa durante os estudos nesa titulación?  
 Non (*ir á pregunta 11*)  
 Si
9. En caso de ter gozado dalgunha bolsa de estudos, de que tipo foi?  
 Bolsa dunha institución pública española  
 Bolsa doutro tipo de institución española  
 Bolsa dunha institución pública estranxeira  
 Bolsa doutro tipo de institución estranxeira
10. En caso de ter gozado dalgunha bolsa de estudos, canto tempo (en cursos académicos) gozou dela? \_\_\_\_\_
11. Ten outras titulacións universitarias rematadas?  
 Non (*ir á pregunta 13*)  
 Si
12. En caso de ter outras titulacións rematadas, de que tipo son?  
 Diplomatura/Enxeñaría técnica/Arquitectura técnica  
 Licenciatura/Enxeñaría/Arquitectura  
 Grao  
 Máster  
 Doutoramento

### Prácticas e traballos durante a titulación

13. Realizou prácticas en empresas/institucións durante a titulación?  
 Non  
 Si
14. Traballou durante a titulación?  
 Non (*ir á pregunta 17*)  
 Si
15. O último traballo que tivo durante os estudos tiña xornada:  
 A tempo parcial  
 A tempo completo
16. O último traballo que tivo durante os estudos estaba relacionado coa titulación?  
 Non  
 Si

### Mobilidade

17. Participou nalgún programa de mobilidade nacional ou internacional durante a súa estada na universidade?  
 Non (*ir á pregunta 20*)  
 Si
18. En caso de ter participado nalgún programa de mobilidade, en que programas de mobilidade participou? (*non exclúntes*)  
 Sicue-Séneca

- Erasmus
  - Bilateral
  - Outros, especificar: \_\_\_\_\_
19. En caso de ter participado nalgún programa de mobilidade, onde estaba a universidade á que se desprazou? (*non exclúntes*)
- Resto de España
  - Resto da Unión Europea
  - Resto do mundo

### Coñecemento de idiomas

20. Sen ter en conta as linguas oficiais do SUG (galego e castelán), coñece e é quen de usar algún outro idioma?
- Non (*ir á pregunta 24*)
  - Si
21. Sen ter en conta as linguas oficiais do SUG (galego e castelán), cantos idiomas coñece e é quen de usar? \_\_\_\_\_
22. Cal deses idiomas é o que mellor coñece?
- Inglés
  - Francés
  - Alemán
  - Portugués
  - Italiano
  - Outros, especificar: \_\_\_\_\_
23. Como describiría o seu coñecemento dese idioma (o que mellor coñece)?
- Usuario básico (niveis A1 e A2): é capaz de comunicarse en situacións cotiás coas expresións máis comúns e o vocabulario e a gramática básica
  - Usuario independente (niveis B1 e B2): é capaz de comunicarse con certa fluidez e redactar textos sinxelos
  - Usuario competente (niveis C1 e C2): é capaz de comunicarse con fluidez, flexibilidade e espontaneidade e redactar textos complexos

## BLOQUE 2. BUSCA DE EMPREGO

---

### Acceso ao emprego

24. Buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou a titulación ou búsqueda actualmente?
- Non (*ir á pregunta 42-53 e logo á pregunta 54*)
  - Si
25. Se buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou a titulación, atopouno?
- Non (*ir ás preguntas 27-40, e ás preguntas 42-53 e logo á pregunta 54*)
  - Si
26. Canto tempo (en meses) tardou en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación desde que rematou a titulación? \_\_\_\_\_

### Vías de busca de emprego

Indique o grao de utilización das seguintes vías para a busca de emprego

	1	2	3	4	5
27. Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE ou Servizo Galego de Colocación)					
28. Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE)					
29. Fundación Empresa - Universidade (FEUGA)					
30. Bolsas de traballo pertencentes ou xestionadas por institucións non universitarias					
31. Candidatura espontánea (envío de CV á empresa, chamada ou visita sen saber se existe oferta)					
32. Responder a un anuncio de traballo de prensa					
33. Poñer anuncios					
34. Presentación a oposición/concurso público					
35. A través dunha empresa de traballo temporal (ETT)					
36. Consultorías					
37. Internet					
38. A través de contactos persoais, familiares ou amizades					
39. Autoemprego					
40. Outras, especificar: _____					

\* Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito

41. A vía propiciatoria do primeiro emprego, relacionado coa titulación, foi: **(só se responderon "Si" na pregunta 25)**

- Algunha das anteriores: nº \_\_\_\_\_
- Prolongación de prácticas realizadas durante os estudos
- Outras, especificar: \_\_\_\_\_

### Factores valorados na contratación

En que grao considera importantes os seguintes factores para atopar emprego?

	1	2	3	4	5
42. A titulación estudada					
43. O expediente académico					
44. Ter estudos de máster					

	1	2	3	4	5
45. Ter estudos de doutoramento					
46. Experiencia laboral relacionada					
47. Prácticas en empresas					
48. Coñecementos de idiomas					
49. Coñecementos de informática					
50. Actitude durante a entrevista					
51. Relacións persoais e do contorno					
52. Ter mobilidade xeográfica					
53. Ausencia de cargas/compromisos familiares					

\* Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito

### BLOQUE 3. SITUACIÓN ACTUAL

54. Cursa estudos universitarios actualmente?  
 Non (*ir á pregunta 56*)  
 Si
55. En caso de estar cursando estudos universitarios, de que tipo son?  
 Diplomatura/Enxeñaría técnica/Arquitectura técnica  
 Licenciatura/Enxeñaría/Arquitectura  
 Grao  
 Mestrado  
 Doutoramento
56. Prepara oposicións actualmente?  
 Non  
 Si
57. Traballa actualmente?  
 Non  
 Si (*ir á pregunta 61*)
58. Se non traballa actualmente, traballou en algún momento desde que rematou a titulación?  
 Non (*ir á pregunta 91*)  
 Si
59. Se non traballa actualmente pero traballou en algún momento desde que rematou a titulación, canto tempo (en meses) hai que finalizou o seu último traballo? \_\_\_\_\_
60. Se non traballa actualmente pero traballou en algún momento desde que rematou a titulación, cal foi o motivo da finalización do traballo?  
 Fin do contrato  
 Baixa voluntaria  
 Outros motivos, especificar: \_\_\_\_\_

**BLOQUE 4. EMPREGO ACTUAL OU ÚLTIMO EMPREGO (DESPOIS DA TITULACIÓN)**

*(Contestan este bloque só os que responderon “Si” na pregunta 58 ou “Si” na pregunta 57. No primeiro caso contestarán o bloque en relación ao último traballo que tiveron despois de ter rematada a titulación, mentres que no segundo contestarán en relación ao traballo actual)*

**Lugar de traballo e antigüidade no posto**

61. Onde se localizaba o seu último traballo? *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Onde se localiza o seu traballo actual? *(se responderon “Si” na pregunta 57)*
- A Coruña
  - Lugo
  - Ourense
  - Pontevedra
  - Resto de España
  - Resto da Unión Europea
  - Resto do mundo
62. Motivo de non traballar en Galicia: *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Motivo de non ter traballado en Galicia: *(se responderon “Si” na pregunta 57)*
- Non atopar traballo en Galicia
  - Mellor oferta no exterior
  - Razóns persoais
  - Por outras razóns (especifíqueo) \_\_\_\_\_
63. Canto tempo (en meses) durou o seu último traballo? \_\_\_\_\_ *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Canto tempo (en meses) leva no seu traballo actual? \_\_\_\_\_ *(se responderon “Si” na pregunta 57)*

**Modalidade de contratación e tipo de xornada**

64. Traballaba por conta propia ou por conta allea? *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Traballa por conta propia ou por conta allea? *(se responderon “Si” na pregunta 57)*
- Por conta propia *(ir á pregunta 66)*
  - Por conta allea
65. Se traballaba por conta allea, que tipo de contrato tiña? *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Se traballa por conta allea, que tipo de contrato ten? *(se responderon “Si” na pregunta 57)*
- Indefinido
  - Eventual
  - En prácticas
  - Bolsa
  - Non teño contrato
66. Tipoloxía da xornada do seu último traballo: *(se responderon “Si” na pregunta 58)*  
 Tipoloxía da xornada do seu traballo actual: *(se responderon “Si” na pregunta 57)*
- A tempo parcial
  - A tempo completo

**Tamaño da empresa**

67. Número de empregados da entidade na que traballaba: *(se responderon "Si" na pregunta 58)*

Número de empregados da entidade na que traballa actualmente: *(se responderon "Si" na pregunta 57)*

- 0-1
- 2-9 (microempresa)
- 10-49 (pequena empresa)
- 50-249 (mediana empresa)
- 250 ou máis (gran empresa)

**Salario**

68. Salario neto mensual do seu último traballo: *(se responderon "Si" na pregunta 58)*

Salario neto mensual do seu traballo actual: *(se responderon "Si" na pregunta 57)*

- Sen salario
- Menos de 500 €
- Entre 500 € e 1000 €
- Entre 1000 € e 1500 €
- Entre 1500 € e 2000 €
- Máis de 2000 €
- Non sabe/Non contesta

**Funcións desenvolvidas e nivel de satisfacción**

69. As funcións que desenvolvía no seu último traballo eran de nivel universitario? *(se responderon "Si" na pregunta 58)*

As funcións que desenvolve no seu traballo actual son de nivel universitario? *(se responderon "Si" na pregunta 57)*

- Non *(ir á pregunta 71)*
- Si

70. As funcións que desenvolvía no seu último traballo eran específicas da titulación? *(se responderon "Si" na pregunta 58)*

As funcións que desenvolve no seu traballo actual son específicas da titulación? *(se responderon "Si" na pregunta 57)*

- Non
- Si

	1	2	3	4	5
71. Valore o seu nivel de satisfacción co seu último traballo <i>(se responderon "Si" na pregunta 58)</i>					
Valore o seu nivel de satisfacción co seu traballo actual <i>(se responderon "Si" na pregunta 57)</i>					

\* Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito



**Competencias requiridas no traballo actual**

Valore a utilidade das seguintes competencias para o desempeño do seu último traballo (*se responderon "Si" na pregunta 58*)

Valore a utilidade das seguintes competencias para o desempeño do seu traballo actual: (*se responderon "Si" na pregunta 57*)

	1	2	3	4	5
72. Capacidade para a aprendizaxe					
73. Motivación					
74. Adaptabilidade					
75. Iniciativa					
76. Pensamento crítico					
77. Creatividade					
78. Capacidade de comunicación oral/escrita					
79. Coñecementos teóricos no seu campo					
80. Coñecementos prácticos no seu campo					
81. Capacidade de traballo en equipo					
82. Capacidade de traballo independente					
83. Capacidade de traballo baixo presión					
84. Capacidade de análise					
85. Capacidade de asumir responsabilidades					
86. Capacidade para resolver problemas					
87. Capacidade de planificación, coordinación e organización					
88. Capacidade de liderado					
89. Coñecementos de idiomas					
90. Coñecementos de informática					

\* Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito

**BLOQUE 5. SATISFACCIÓN CO ITINERARIO ACADÉMICO**

91. Volvería cursar estudos universitarios?  
 Non (*fin da enquisa*)  
 Si
92. Volvería cursar a súa titulación?  
 Non (*fin da enquisa*)  
 Si
93. Volvería cursar a súa titulación na mesma universidade?  
 Non (*fin da enquisa*)  
 Si

### **Anexo III. Distribución das titulacións por ramas de coñecemento**

#### **Ciencias da Saúde**

- Diplomatura en Enfermaría
- Diplomatura en Fisioterapia
- Diplomatura en Logopedia
- Diplomatura en Podoloxía
- Diplomatura en Terapia Ocupacional
- *Grao en Enfermaría*
- *Grao en Fisioterapia*
- *Grao en Terapia Ocupacional*
- Licenciatura en Farmacia
- Licenciatura en Medicina
- Licenciatura en Odontoloxía
- Licenciatura en Veterinaria

#### **Ciencias**

- Diplomatura en Óptica e Optometría
- *Grao en Física*
- *Grao en Matemáticas*
- *Grao en Química*
- Licenciatura en Bioloxía
- Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
- Licenciatura en Ciencias do Mar
- Licenciatura en Física
- Licenciatura en Matemáticas
- Licenciatura en Química

#### **Enxeñaría e Arquitectura**

- Arquitectura
- Arquitectura Técnica en Execución de Obras
- Diplomatura en Máquinas Navais
- Diplomatura en Navegación Marítima
- Enxeñaría Agrónoma
- Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial
- Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Enxeñaría Industrial
- Enxeñaría Informática
- Enxeñaría de Minas
- Enxeñaría de Montes
- Enxeñaría Naval e Oceánica
- Enxeñaría de Organización Industrial
- Enxeñaría Química
- Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Explotacións Agropecuarias
- Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Hortofruticultura e Xardinaría
- Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Industrias Agrarias e Alimentarias
- Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Mecanización e Construcións Rurais
- Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial
- Enxeñaría Técnica Forestal, esp. Explotacións Forestais
- Enxeñaría Técnica Forestal, esp. Industrias Forestais
- Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Electrónica Industrial
- Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Electricidade

- Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Mecánica
- Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Química Industrial
- Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
- Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión
- Enxeñaría Técnica Naval, esp. Estruturas Mariñas
- Enxeñaría Técnica Naval, esp. Propulsión e Servizos do Buque
- Enxeñaría Técnica en Obras Públicas, esp. Construcións Cívicas
- Enxeñaría Técnica en Obras Públicas, esp. Transportes e Servizos Urbanos
- Enxeñaría Técnica Telecomunicación, esp. Sistemas de Telecomunicación
- Enxeñaría Técnica Telecomunicación, esp. Son e Imaxe
- Enxeñaría Técnica en Topografía
- Enxeñaría de Telecomunicación
- *Grao en Arquitectura Técnica*
- *Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto*
- *Grao en Enxeñaría de Edificación*
- *Grao en Enxeñaría Eléctrica*
- *Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática*
- *Grao en Enxeñaría Informática*
- *Grao en Enxeñaría Mariña*
- Licenciatura en Máquinas Navais
- Licenciatura en Mariña Civil
- Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo

#### **Ciencias Sociais e Xurídicas**

##### Ciencias Sociais e Xurídicas I

- Diplomatura en Ciencias Empresariais
- *Grao en Administración e Dirección de Empresas*
- *Grao en Economía*
- Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
- Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais
- Licenciatura en Economía

##### Ciencias Sociais e Xurídicas II

- Diplomatura en Relacións Laborais
- *Grao en Ciencia Política e da Administración*
- *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos*
- Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración
- Licenciatura en Dereito

##### Ciencias Sociais e Xurídicas III

- Diplomatura en Educación Social
- Diplomatura en Traballo Social
- *Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte*
- *Grao en Educación Social*
- *Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil*
- *Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria*
- *Grao en Socioloxía*
- *Grao en Traballo Social*
- Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Licenciatura en Pedagogía
- Licenciatura en Psicoloxía
- Licenciatura en Psicopedagogía
- Licenciatura en Socioloxía
- Mestre, esp. Audición e Linguaxe
- Mestre, esp. Educación Especial

- Mestre, esp. Educación Física
- Mestre, esp. Educación Infantil
- Mestre, esp. Educación Musical
- Mestre, esp. Educación Primaria
- Mestre, esp. Lingua Estranxeira

#### Ciencias Sociais e Xurídicas IV

- Diplomatura en Turismo
- Diplomatura en Xestión e Administración Pública
- *Grao en Dirección e Xestión Pública*
- *Grao en Turismo*
- Licenciatura en Comunicación Audiovisual
- Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
- Licenciatura en Xornalismo

### Artes e Humanidades

#### Artes e Humanidades I

- Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación
- *Grao en Belas Artes*
- Licenciatura en Belas Artes
- Licenciatura en Documentación
- Licenciatura en Filosofía
- Licenciatura en Historia
- Licenciatura en Historia da Arte
- Licenciatura en Humanidades
- Licenciatura en Xeografía

#### Artes e Humanidades II

- Licenciatura en Filoloxía Alemá
- Licenciatura en Filoloxía Clásica
- Licenciatura en Filoloxía Francesa
- Licenciatura en Filoloxía Galega
- Licenciatura en Filoloxía Hispánica
- Licenciatura en Filoloxía Inglesa
- Licenciatura en Filoloxía Italiana
- Licenciatura en Filoloxía Portuguesa
- Licenciatura en Filoloxía Románica
- Licenciatura en Tradución e Interpretación

#### **Anexo IV. Estudos da ACSUG**

Faraldo, P., Crujeiras, M.J., Iglesias, C.L., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Navarrete A., Martínez A., Muñoz E., Ríos M.P., Belmonte I., Velón L.C. (2004). Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Iglesias, C.L., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Muñoz, E., Casal, J.L., Velón, L.C., López, A.I., Navarrete, A. (2006). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Carreira V., Abalde, J.E., Fernández, M.C. (2008). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Carreira V., Abalde, J.E., Fernández, M.C. (2009). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2010). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Martínez, A., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Sierra M.D., Mallo, M., Baña, J.M. (2011). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Velón, L. (2013). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2014). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2015). Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Índice de táboas e figuras

### Índice de táboas

Táboa 1. Titulados no SUG no curso académico 2011-2012. Tamaño de poboación e mostra por universidade. ....	4
Táboa 2. Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	5
Táboa 3. Realización de prácticas en empresas. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	7
Táboa 4. Titulados que compaxinaron estudo e traballos durante a titulación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	7
Táboa 5. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	9
Táboa 6. Tempo que tardaron en atopar emprego. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	9
Táboa 7. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	10
Táboa 8. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	11
Táboa 9. Porcentaxe de titulados que traballa (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total. ....	12
Táboa 10. Modalidades de contratación. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	14
Táboa 11. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario neto mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa con estudos anteriores. ....	14
Táboa 12. Competencias máis valoradas polos titulados no SUG. ....	15
Táboa 13. Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG. ....	15

### Índice de figuras

Figura 1. Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes para o total do SUG. ....	5
Figura 2. Periodo de tempo (cursos académicos) que os titulados gozaron dalgunha bolsa durante os seus estudos. ....	6
Figura 3. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG. ....	6
Figura 4. Realización de prácticas en empresas. Resultados para o total do SUG. ....	6
Figura 5. Titulados que compaxinaron estudo e traballos durante a titulación. Resultados para o total do SUG. ....	7
Figura 6. Titulados que participaron nalgún programa de mobilidade. Resultados para o total do SUG. ....	7
Figura 7. Programas de mobilidade. Resultados para o total do SUG. ....	8
Figura 8. Idiomas. Resultados para o total do SUG. ....	8
Figura 9. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados para o total do SUG. ....	9
Figura 10. Tempo que tardaron en atopar emprego. Resultados para o total do SUG. ....	9
Figura 11. Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego. Resultados para o total do SUG. ....	10

Figura 12. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.....	10
Figura 13. Tipo de estudos en que continúa. Resultados para o total do SUG.....	11
Figura 14. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.....	11
Figura 15. Porcentaxe de titulados que traballan(no momento de realizar a enquisa). Resultados para cada sexo e para o total do SUG.....	12
Figura 16. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións, estudan e/ou traballan (no momento de realizar a enquisa), considerando todas as posibles combinacións de actividades. Resultados para o total do SUG. ....	12
Figura 17. Lugar de traballo. Resultados para o total do SUG. ....	13
Figura 18. Modalidades de contratación para os titulados no SUG.....	13
Figura 19. Funcións desenvolvidas no posto de traballo polos titulados do SUG. ....	14
Figura 20. Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG. ....	15